



## Noelia Gómez: "Quixen poetizar o desenfoque e buscar o sublime dentro da dor"

O segundo poemario de Noelia Gómez, editado por Apiario, parte da doenza física, da enfermidade, desde o individual ao colectivo

*Desenfoque* é un canto á distorsión, unha escrita consciente sobre a fragilidade do corpo e do entorno que o rodea

As primeiras notas deste libro comezaron hai seis anos, despois de que a autora sufrise varias intervencións sobre a córnea

G24.gal 17/02/2025

<https://www.g24.gal/-/noelia-gomez->

*Alguén agarra as miñas mann e pronuncia o frío /  
di que pense en algo fermoso /  
imaxino a escrita*

*este é o inicio*

Son estes versos de *Desenfoque*, o último poemario de Noelia Gómez editado por Apiario. Un libro onde as fracturas e a memoria son xeitos de nomear a perda. Porque Noelia Gómez toma a man da cirurxiá e atravesa o proceso da escrita.